

21 INTENTOS DE CONVERSA (PEQUENA NOVELA POR ENTREGAS)

Gústame os momentos de paso. A relevancia que cobra cada aceno de avance, as pisadas máis rotundas do tempo sobre os espazos, mátanme devagar, e intensifícanse nas escenas relevantes. Sitúome nas fendas superficiais do tempo, dos días. Reclamo os agochos repentinos, e entre as tebras da realidade constrúo un refuxio de papel. De nena, chegaba a casa e deixaba a mochila por riba da cama, o desabafo repentino que invadía velozmente o meu corpo provocábame unha sensación de éxtase. Sentaba no sofá e afundíame co caderno de debuxos. O suco apertábame cunha aspereza aceda e marrón. Eu prendíame dos segundos escasos, porque penduraba con seguridade do meu subconsciente a idea de que aquela era a espuma que arrastran as ondas devagar. Mentres agardaba polo xantar, situábame nun decorado negro, abstracto, que se elevaba e me permitía non facer, non ser. Os minutos perdidos, intermedios, eran a miña salvación.

Agora, o momento intermedio é o relanzo. E ollo a escena principal: o ascensor. Fai frío, tremen as mans contra a tea da bufanda que anudo cun xesto imperito. As portas son dobres, e só vexo a ferruxe antiga coroada por feridas superficiais e tristes. Sae o veciño de enfronte, e saúda con présa, vaise pola escaleira. Lémbreme o martirio constante que supón a miña obriga autoimposta. E un primitivo impulso de supervivencia lévame a xirar cara a saída. Sería sinxelo transformar os illamentos temporais en camiños verticais e fonemas espelidos, expresados antes de que pase o relampo de pensamento e inmobile os nosos músculos.

Mais agardo e abren as portas, e no espello reflíctese a imaxe baleira. Apreto o botón. Baixo soa, hoxe comezo máis tarde, remataron as emigracións matutinas, e a

alba deixou paso para unha mañá lúgubre. As andoriñas pasaxeiras voltarán antes ca min: os mércores traballo ata a tardiña.

“Abrirei a porta transparente e subirei ao coche, despois de camiñar sobre as baldosas murchas da miña rúa. Conducirei, calada; traballarei, calada. Afogareime no silencio?”, seica din que somos os donos das palabras que gardamos. Eu creo que só somos escravos.

Non obstante, tras a porta de cristal hai unha muller vella e engurrada. Agachada, a súa silueta é tan pequena que podería confundila cun pequeno cúmulo de nubes ao lonxe, que se oculta entre néboa e humidade. Tenta erguer unha das bolsas da compra que caeu das súas mans. Miro o reloxo.

Moitas veces, fuxo de momentos, do futuro. En certo modo, teño a habilidade de temer o destino inminente. Boume escorregando polos ocos. Os animais viaxan en transportes de escuridade para non ser vistos polas persoas. Deslizámonos con pena, e repetímonos que non hai nada que poidamos facer. Por iso, de pequena tiña medo dos camiños que se pechan, dos buratos cegos nas paredes. No fondo, eses buratos tamén contan historias, presas de palabras mortas antes de nacer.

Abro co coidado do luthier que constrúe un violín, que agarda esperanzado escoitar algún día a súa doce melodía, nada das propias mans cansas e doridas. Eu construirei unha conversa coa fragilidade e o agarimo que me confire a miña postura de artesá da linguaxe.

- Bo día, quere que a axude a levar as bolsas?- Mentres falo, sitúome á súa altura, e recollo as dúas máis pesadas. Ela só leva a pequena, de tea, da que sobresa a barra de pan.
- *Muitas grazas, tu es a rapaza do séptimo, non si?*

- Si, son eu- Abrinlle a porta e xa chamei ao ascensor. Quedarei ata que chegue. Véndoa tan feble, pregúntome se precisa que suba con ela para axudala a metelas no piso.- Quere que a axude a meter as bolsas na casa?
- Ai, non filliña, que non *te* dea pena *ísta* muller, teño o meu fillo esperando na casa, que me axuda...
- Vostede de que piso é? Non me soa vela.
- Eu tamén te *mirei* só unhas poucas veces. Acabo de vir de dunha aldea preto do Tomiño, estou un pouco enferma...

O fillo é un rapaz de trinta anos que vive no segundo. Case nunca coincidín con el, só sei o que escoitei nalgunha desas conversas de veciños na cápsula, nas que eu son infiltrada sen fuxida, á do primeiro B, que tivo pronunciado as súas queixas, en momentos repetidos hai algo máis duns tres meses, sobre o ruído que fai, pois, polo que semella, o seu gusto pola música sobrepasaba as fronteiras dos tabiques e invadía con alegría non solicitada o piso monótono da doutora. Entendín o seu anoxo, mais iso levoume, sen opción, a pensar, neses lugares que constrúe a miña memoria nese mundo que se asemella lixeiramente ao mundo -somerxido na eterna metamorfose- no que vivín algunha vez, en todos os momentos de luz e beleza da que fuxín, escorregando entre os ocos, entre as fendas do tempo. Cubertos os ollos por unha película de palabras asfixiadas.

Hoxe, no coche, síntome orgullosa de ter empregado, con algo que se achega á corrección, certas fórmulas cordiais, e de ter mantido a conversa. Se ben a forma final da figura modelada quedou algo torta, aínda son capaz de vela.